

CÁLCULO RENTA NETA PER CAPITA

Para o **cálculo nas autodeclaracións** tal e como recolle a instrucción 1/2024 (xestión directa):

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2023:

1. Sumarase a base impositiva xeral coa base impositiva do aforro,
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595}$

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O **concepto de unidade familiar** será o **definido na normativa do IRPF**.

ACLARACIÓNS PARA DETERMINAR CORRECTAMENTE A RENDA ANUAL FAMILIAR

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar.

Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- **Unidades familiares nas que ambos cónxuxes**, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e **teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF**. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas dos recadros indicados, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- **Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración**. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes dos recadros correspondentes e retribucións dinerarias e intereses e restar os importes dos recadros correspondentes a cotizacións seguridade social , retencións procedentes

do traballo e retencións procedentes do capital mobiliario, tal e como recolle no artigo 16.2.terceiro do Decreto 132/2013, do 1 de agosto.

- **Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF.** Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.